

# HIPNOSE

Ernst De Geer, 2023

# 1354

ESTREA EN NUMAX: 09.08.2024 | V.O.S.E. | +12 | 98 min

André e Vera son unha parella moza de emprendedores e teñen a oportunidade de presentar a súa app feminista nun prestixioso concurso. Estresada pola situación persoal e profesional que atravesa, Vera proba a hipnoterapia antes da viaxe e a súa actitude muda radicalmente: seguirá os seus instintos sen filtro, provocando o caos e poñendo a proba a súa relación ante as expectativas sociais.

«Unha afiada sátira sobre o conformismo e as relacións de parella»

Frank Scheck, THE HOLLYWOOD REPORTER



## Vergoña allea

Por Marta Balaga

O debutante Ernst De Geer non se anda con rodeos, a súa intención é facer que nos sintamos incómodos, avergoñados. Ou mellor, avergoñados por sentirnos incómodos. A súa protagonista, Vera empeza a película falando de menstruacións: “Había moito sangue”. Xunto á súa parella, André, están a desenvolver unha app de saúde reprodutiva feminina. E a súa traumática historia nin sequera é real.

Pero en *Hipnose*, as mentiras non importan moito. É o que se espera dos adultos. Tamén están obsesionados por como son percibidos polos demais: queren parecer máis ricos e exitosos, ou se inventan que os seus pais teñen un barco. Vera tamén quere “encaixar”, polo menos ata que decide probar a hipnose, coa esperanza de abandonar por fin o desagradable hábito de fumar. Di que quere deixalo, ou iso cre. Ao fin e ao cabo, leva moito tempo seguindo as ordes doutras persoas. Con todo, o que ocorre é outra cousa.

A sátira de De Geer podería verse como a viaxe dunha muller cara ao mal comportamento. Algo que a ela, e a moitas outras, nunca se lles permitiu facer. Por outra banda, só é necesario un pequeno empurrón. Cando Vera empeza a crer que a súa inusual terapia a cambiou, todos os anos de represión marchan polo desaugue.

Todo empeza lentamente: quere bailar nun coche e enfádase cando a acusan de non saber abondo de tecnoloxía. Un pouco despois, responde en lugar de sorrir silenciosamente; ataca en lugar de darlle a razón a todo o mundo. E isto convértese nun motivo de terror para a súa parella, xa que non podería elixir peor momento: están a buscar un importante investidor durante un retiro de fin de semana para empresas emerxentes.

O que converte *Hipnose* nunha proposta interesante é que De Geer non simplifica de máis as cousas. Pode que Vera se divirta máis e sexa así máis auténtica, pero o seu comportamento tamén deixa ás veces bastante que desexar. Á xente non lle impresiona a súa franqueza, só quere que marche. O que nos leva a reflexionar sobre o fácil que é sentirse incómodo en situacións sociais. Non hai ningunha razón lóxica que explique por que nos sentimos tan avergoñados por outras persoas, aínda que non sexamos nós os que lle berramos a alguén por pisar un can imaxinario, por exemplo. A película de De Geer non trata só de Vera, senón tamén sobre estar en parella, e sobre o concepto de que o teu socio non só representa a túa idea de negocio, como ocorre con estes dous, senón que te representa directamente a ti.

Francamente, a película podería ser aínda máis desagradable, considerando a peculiar contorna que rodea a André e Vera, con todas esas mencións á “xente corrente”, coma se fose unha canción de Pulp, e as conversas pretensiosas sobre cambiar o mundo, escoitando a un privilexiado tras outro. De Geer podería ir máis lonxe, e transmite a sensación de estar a se conter, sen chegar ao nivel de Ruben Östlund en, por exemplo, a escena do home mono en *The Square*. Pero é entón cando nos sorprende cun final realmente impactante. Esperemos que Ernst De Geer volva axiña para nos deleitar cun novo divertimento desta intensidade. Aínda que antes é mellor esconder todas as alfombras.